

Guía do ceo para o verán do 2012 (II)

*Martin Pawley
Irene Baspino*



A danza dos planetas

Planetas tras o solpor: Saturno e Marte

Nas primeiras horas da noite, mirando cara ao horizonte Suroeste, podemos ver a Saturno e Marte na contorna da estrela Spica, a máis brillante da constelación de Virgo


31 de xullo ás 22:30 p.m.



localización: Galicia (42°Lat. N / -8°Long.W)

...mirando polo telescopio

31 de xullo ás 22:30 p.m.



localización: Galicia (42°Lat. N / -8°Long.W)

A medida que va avanzando o mes iremos apreciando os seus movementos, Marte irá aproximándose a Saturno ata que a mediados de agosto ambos planetas estarán alineados con Spica...

15 de agosto ás 22:30 p.m.



localización: Galicia (42ºLat. N / -8ºLong. W)

...e cara a finais de mes Marte irá alonxándose progresivamente de Saturno

31 de agosto ás 22:30 p.m.



localización: Galicia (42°Lat. N / -8°Long.W)

A danza dos planetas

Planetas antes do mencer: Xúpiter e Venus

Nas derradeiras horas da noite, mirando cara ao horizonte Norleste, podemos ver a Xúpiter e Venus perto da estrela Aldebaran, a máis brillante da constelación de Tauro

31 de xullo ás 05:00 a.m.



localización: Galicia (42ºLat. N / -8ºLong.W)

...mirando polo telescopio

31 de xullo ás 05:00 a.m.

Moi interesante para iniciarse na observación co telescopio son:

- As fases de Venus
- A mancha vermella de Xúpiter e máis os tránsitos dos seus satélites



localización: Galicia (42°Lat. N / -8°Long. W)

A medida que va avanzando o mes iremos apreciando os seus movementos, Xúpiter vai saíndo polo horizonte cada día máis cedo e Venus cada día un pouco máis tarde...

15 de agosto ás 05:00 a.m.



localización: Galicia (42ºLat. N / -8ºLong.W)

... polo que a distancia entre ambos no ceo vai aumentando, e a finais de mes Venus xa está na constelación de Xéminis

31 de agosto ás 05:00 a.m.




localización: Galicia (42ºLat. N / -8ºLong.W)

Chuvias de estrelas fugaces: As Perseidas

Dende finais de xullo ate finais de agosto poden verse as Perseidas tamén coñecidas como bágoas de San Lourenzo.

O seu máximo de actividade está previsto para o medio día do 12 de agosto, polo que o mellor momento para velas serán as primeiras horas da noite do 12 ao 13.




Chamanse Perseidas por ter o [radiante](#) na constelación de Perseo, que aparecerá polo horizonte Norleste nas primeiras horas da noite.

Isto non quere dicir que so se vexan estrelas fugaces mirando cara esa zona do ceo, poden verse por toda a bóveda celeste, pero fixeramos unha prolongación de todas elas, parecerían saír todas de Perseo .

Estas estrelas fugaces son pequenas partículas dun cometa, que arden ao entrar na atmósfera da Terra. Estas pequenas partículas, non máis grandes ca un gran de area, foron expulsados polo cometa Swift-Tuttle durante unha das súas moitas visitas ao interior do sistema solar (o cometa pasa perto do sol cada 133,28 anos).

É en agosto cando a Terra pasa pola rexión da súa órbita por onde atravesa a órbita do cometa cos seus restos.



Dende a “Sociedad de Observadores de Meteoros y Cometas de España” (SOMYCE) preséntannos unha guía na que podedes atopar máis información e consellos útiles para a observación das Perseidas: http://www.somyce.org/perseidas/perseidas2012/Perseidas_2012_1c.pdf

Fases da Lúa



Lúa chea

2 agosto, xoves, ás 05:28h



Lúa chea

31 agosto, xoves, ás 15:59h



Cuarto minguante

09 agosto, xoves, ás 20:56h



Lúa nova

17 agosto, venres, ás 17:55h



Cuarto crecente


24 agosto, venres, ás 15:54h

Non esquezas que as mellores noites para observar estrelas son as próximas á Lúa Nova, por seren máis escuras, ao non termos a Lúa iluminando o ceo.

Outros eventos: **Misiones espaciais**

O 6 de agosto está programado o aterrizaxe en Marte da sonda espacial Mars Science Laboratory lanzada en novembro do 2011 e que porta o rover bautizado como “Curiosity”, que se espera tome terra no cráter Gale ás 5:31 T.U. (7:31 hora local en España).

Este vehículo de preto de 900 kg é o máis grande enviado ate o de agora ao planeta vermello e agárdase que se desprace polo cráter durante case dous anos terrestres. Leva instrumentación para estudos químicos, xeolóxicos e meteorolóxicos.



Imaxe do rover Curiosity (recreación feita pola NASA)

Tedes toda a información na [web da NASA para esta misión.](#)

Invitámosvos a ver unha das [video animacións feitas pola NASA](#) recreando a complexa e espectacular aterrizaxe. Neste caso o vídeo está “radiado” polo noso compañeiro da radio Galega Kiko Novoa para a sesión do Planetario da Coruña “O ceo para enterados” que ten lugar tódolos derradeiros sábados de mes.

